

 URBANISMO- LICENZAS, INSPECCION E DISCIPLINA	OB-001 Licenza de obra nova	Rexistro número	Selo rexistro
--	---	-----------------	---------------

1. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social:	NIF / DNI / NIE
Nome e apelidos do/a representante	NIF / DNI / NIE
Domicilio: Núm. Localidade e CP	
Enderezo de notificación: Núm. Localidade e CP	
Teléfono:	
Correo Electrónico:	

2. Localización da parcela:

Localización	Núm. CP
Referencia catastral	

3. Descrición das obras:

Descrición das obras:

Actividade á que vai destinarse a edificación:

Superficie construída total:.....m²

Orzamento:.....

Acta de liña e rasante. Núm. de expediente:.....

Algunha consulta urbanística anterior. Núm. de expediente:

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

CÓDIGO Núm.

AUTORIZA AO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA O ACCESO TELEMÁTICO AO COLEXIO PROFESIONAL PARA A OBTENCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO VISADO DIXITALMENTE QUE É OBXECTO DESTA SOLICITUDE.

VISADO Núm.

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta e, en todo caso,:

- Que son certos todos os datos recollidos neste impreso
- Que achega toda a documentación preceptiva.

E AUTORIZA, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas á licenza solicitada.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, de de 20....

Sinatura do/a solicitante: Nome e DNI:.....

DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR AS PERSOAS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

- 1a.- Datos identificativos da persoa solicitante:
1. Persoas físicas:
 - DNI (ou documento que faga as súas veces) (da solicitante e da representante)
 - As persoas que comparezan ou asinen en representación doutra, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 2. Persoas xurídicas:
 - DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa representante e documentación acreditativa da representación.
 - Escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- 1b.- Escritura pública de propiedade do terreo. Esta escritura achegarase inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.
- 1c.- Reportaxe fotográfica do soar ou da edificación, subscripta pola persoa solicitante e polo técnico redactor do proxecto. Nos casos de nova edificación en edificacións entre medianeiras, acompañaranse tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.
- 1d.- Oficio de dirección das obras.
- 1e.- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
- 1f.- Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos lindantes no caso de edificacións apegadas.
- 1g.- Autorizacións sectoriais previas preceptivas.
- 1h.- No caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor do proxecto, na que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- 1i.- No caso de edificios catalogados: documentación establecida no planeamento especial.
- 1l.- No caso de edificacións situadas no ámbito do PE-1 (Plan especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica), no perímetro azul do PXOM vixente (zona de respecto e protección da paisaxe e silueta urbana delimitado na Orde do 29/10/1964 do Ministerio de Educación e Ciencia) ou dos Camiños de Santiago, memoria xustificativa do cumprimento das condicións estéticas.

2. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO

- 2a.- Proxecto técnico redactado por un técnico competente co contido establecido no anexo I da parte I do Código técnico da edificación e no anexo I da Ordenanza de tramitación de licenzas (2 copias) (3 copias en edificios catalogados) (1 copia formato dixital).
- 2b.- Se as obras para as que se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmorte ou rebaixe de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra que se vai realizar así como os de detalle precisos que indiquen as precaucións que cómpre adoptar en relación coa propia obra, coa vía pública e cos predios ou construcións veciñas que poidan ser afectadas polo desmorte ou terraplén.

3. SE ACHEGA PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN (ademais da documentación anterior)

- 3a.- Proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións redactado por un técnico competente de acordo co Real decreto lei 1/1998 (no caso de edificios con división horizontal) (1 copia).
- 3b.- Estudo de seguridade e saúde segundo o Real decreto 1627/1997 redactado polo técnico competente.
- 3c.- Oficio da dirección da execución da obra .
- 3d.- Estudo de xestión de residuos segundo o Real decreto 105/2008.

4. SE A EDIFICACIÓN TEN POR OBXECTO O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

- 4a.- Proxecto técnico da actividade e instalacións (ou memoria no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por un/unha técnico/a competente, co contido establecido no anexo I da Ordenanza de tramitación de licenzas
- 4b.- Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- 4c.- A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- 4d.- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

5. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de autoliquidación da taxa correspondente.